

o principio de igualdade salarial ata a data vixente, se incorpore expresamente o «principio de igualdade retributiva».

Artigo único.

O artigo 28 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 28. *Igualdade de remuneración por razón de sexo.*

O empresario está obrigado a pagar pola prestación dun traballo de igual valor a mesma retribución, satisfeita directa ou indirectamente, e calquera que sexa a súa natureza, salarial ou extrasalarial, sen que se poida producir ningunha discriminación por razón de sexo en ningún dos elementos ou condicións daquela.»

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13450 *REAL DECRETO 596/2002, do 28 de xuño, polo que se regulan os requisitos que deben cumprirse para a proxección, construción, posta en servicio e explotación das instalacións de transporte de persoas por cable.* («BOE» 163, do 9-7-2002.)

O Parlamento Europeo e o Consello aprobaron, con data 20 de marzo de 2000, a Directiva 2000/9/CE, relativa ás instalacións de transporte de persoas por cable, a cal determina os requisitos esenciais de seguridade e hixiene das persoas, de protección do ambiente e dos consumidores, que se lles esixen ás devanditas instalacións no que se refire á súa concepción, proxecto, construción, montaxe, posta en servicio e explotación, e os aplicables ós seus subsistemas e ós constituíntes de seguridade.

Co obxecto de lles dar cumprimento ás obrigas derivadas do disposto na mencionada directiva, resulta preciso dicta-las disposicións nacionais que dean cumprimento ás previsións contidas naquela, establecendo os requisitos necesarios destas instalacións, distinguindo os que se refiren ós denominados constituíntes de seguridade e os relativos ós chamados subsistemas, os procedementos de declaración e avaliación da conformidade, así como as autoridades competentes nestas materias.

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, ten, en consecuencia, por obxecto incorporar ó ordenamento interno a citada Directiva 2000/9/CE, en desenvolvemento da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento e de Ciencia e Tecnoloxía, tralo trámite de consulta ás comunidades autónomas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xuño de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establece-las condicións esixibles en materia de seguridade das instalacións de transporte de persoas por cable en relación coa súa proxección, construción, posta en servicio e explotación; así como defini-los requisitos esenciais de seguridade e hixiene das persoas, protección do ambiente e protección dos consumidores aplicables ás devanditas instalacións, ós subsistemas e ós seus constituíntes de seguridade.

2. Estas condicións comprenden as disposicións de harmonización necesarias e suficientes para asegurar e garanti-lo respecto dos requisitos esenciais ós que se refire o anexo II.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) «Instalación»: o sistema implantado na súa localización, composto pola infraestrutura e polos subsistemas enumerados no anexo I, entendéndose por infraestrutura a proxectada especialmente para cada instalación concreta e construída sobre o terreo, o trazado da liña, os datos do sistema, os soportes de liña e as estacións que son necesarios para a construción e o funcionamento da instalación, incluída a cimentación.

b) «Constituínte de seguridade»: todo compoñente elemental, grupo de compoñentes, subconxunto ou conxunto completo de material e todo dispositivo, incorporado á instalación para garanti-la seguridade e identificado pola análise de seguridade e o fallo ou defecto do cal entrañe un risco para a seguridade ou a saúde das persoas, xa sexan usuarios, persoal da explotación ou terceiros.

c) «Propietario da instalación»: toda persoa física ou xurídica por conta da cal se constrúe unha instalación.

d) «Requisitos técnicos de explotación»: o conxunto de disposicións e medidas técnicas que inciden na concepción e realización e que son necesarias para un funcionamento totalmente seguro.

e) «Requisitos técnicos de mantemento»: o conxunto de disposicións e medidas técnicas que inciden na concepción e realización e que son necesarias para o mantemento destinado a garantir un funcionamento totalmente seguro.

f) «Especificación europea»: unha especificación técnica común, unha homologación técnica europea ou unha norma nacional que incorpore unha norma europea.

g) «Instalacións de transporte de persoas por cable»: aquelas instalacións compostas de varios constituíntes, concibidas, construídas, montadas e postas en servicio para transportar persoas en vehículos ou remolcadas por arrastres, suspendidos de cables ou tirados por cables; estando colocados os devanditos cables ó longo do percorrido efectuado.

Artigo 3. *Clasificación das instalacións.*

As instalacións referidas no artigo anterior comprenden, en todo caso, os funiculares, os teleféricos e os telesquíis.

a) Considéranse funiculares aqueles medios de transporte nos que os vehículos se desprazan sobre

rodas ou outros dispositivos de sustentación e mediante tracción dun ou máis cables.

b) Considéranse teleféricos aqueles medios de transporte nos que os vehículos son desprazados ou movidos en suspensión por un ou máis cables, sen que exista camiño terrestre de rodamento fixo, comprendendo as telecabinas e telecadeiras.

c) Considéranse telesquíis aqueles medios de transporte que, mediante un cable, tiran dos usuarios equipados adecuadamente.

Artigo 4. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplícase:

a) Ás instalacións construídas e postas en servicio a partir da súa entrada en vigor.

b) Os subsistemas e constituíntes de seguridade comercializados a partir da súa entrada en vigor.

c) Ás instalacións existentes, nos termos previstos no artigo 5, punto 2.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) Os ascensores definidos polo Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se dictan disposicións de aplicación da directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores.

b) Os tranvías de tipo convencional arrastrados por cable.

c) As instalacións utilizadas con fins agrícolas.

d) Os materiais específicos para feiras, fixos ou móbiles, e as instalacións dos parques de atraccións destinados ó recreo e que non sexan utilizados como medios de transporte de persoas.

e) As instalacións mineiras e as instalacións implantadas e utilizadas con fins industriais.

f) As embarcacións accionadas por cable.

g) Os ferrocarrís de cremalleira.

h) As instalacións accionadas mediante cadeas.

Artigo 5. *Obrigatoriedade dos requisitos esenciais.*

1. As instalacións e a súa infraestrutura, os subsistemas e os constituíntes de seguridade dunha instalación deberán cumprilos requisitos esenciais que figuran no anexo II que lles sexan aplicables.

2. Presumiranse conformes ós requisitos esenciais de que se trate as instalacións e as súas infraestructuras, os subsistemas e os constituíntes de seguridade dunha instalación construídos consonte as normas españolas que incorporen outras europeas harmonizadas, a referencia das cales fose publicada no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» e cumpran os requisitos esenciais especificados no anexo II.

Artigo 6. *Análise de seguridade.*

1. Todo proxecto de instalación se someterá, por petición do propietario da instalación ou do seu representante, a unha análise de seguridade, tal como se define no anexo III, na que se terán en conta tódolos aspectos relacionados coa seguridade do sistema e do seu contorno nas fases de proxecto, realización e posta en servicio, e permitirá determinar, en función de anteriores experiencias, os riscos que poidan xurdir durante o funcionamento.

2. A análise de seguridade dará lugar á emisión dun informe de seguridade que indique as medidas previstas para lles facer fronte ós posibles riscos e que deberá incluí-la lista dos constituíntes de seguridade e dos subsistemas que teñan que estar suxeitos ás disposicións dos capítulos II ou III.

CAPÍTULO II

Constituíntes de seguridade

Artigo 7. *Requisitos.*

Na comercialización e posta en servicio dos constituíntes de seguridade deberán observarse as seguintes condicións:

a) Só poderán comercializarse se permiten a construción de instalacións que cumpran os requisitos esenciais mencionados no anexo II, que lles sexan aplicables.

b) Só poderán poñerse en servicio se permiten a construción de instalacións que non poñan en perigo a seguridade e a saúde das persoas e, se é o caso, a seguridade dos bens cando se instalen e manteñan convenientemente e se utilicen conforme o uso para o que estean previstos.

Artigo 8. *Comercialización.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 15, non se poderá prohibir, restrinxir, nin obstaculizar, en ningún caso, a comercialización e o uso de constituíntes de seguridade que cumpran o disposto neste real decreto.

Artigo 9. *Marcado «CE» de conformidade.*

1. Consideraranse conformes ás disposicións deste real decreto os constituíntes de seguridade que estean provistos da marcaxe «CE» de conformidade, o modelo da cal figura no anexo IX, xunto coa declaración «CE» de conformidade prevista no anexo IV.

2. Antes da comercialización dun constituínte de seguridade o fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade Europea deberá:

a) Somete-lo constituínte de seguridade a un procedemento de avaliación de conformidade consonte o que se sinala no anexo V.

b) Coloca-la marcaxe «CE» de conformidade sobre o constituínte de seguridade e estender unha declaración «CE» de conformidade consonte o anexo IV.

3. O procedemento de avaliación da conformidade dos constituíntes de seguridade levarase a cabo, a solicitude do fabricante ou do seu representante establecido na Comunidade, polo organismo notificado a que se refire o artigo 17, que elixise para tal efecto.

4. A marcaxe «CE» de conformidade nos constituíntes de seguridade presume a súa conformidade coas disposicións nacionais que incorporen outras directivas comunitarias que poidan serlles de aplicación e que regulen aspectos diferentes ó transporte por cable.

5. A persoa física ou xurídica que comercialice un constituínte de seguridade deberá cumprilas obrigas sinaladas neste artigo cando nin o fabricante nin o seu representante establecido na Comunidade o fixese. As mesmas obrigas deberán ser cumpridas por quen fabrique os constituíntes de seguridade para o seu propio uso.

CAPÍTULO III

Subsistemas

Artigo 10. *Comercialización.*

1. Os subsistemas indicados no anexo I só poderán comercializarse se permiten a construción de instalacións que cumpran os requisitos esenciais mencionados no anexo II.

2. Non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculiza-la comercialización de subsistemas que cumpran o disposto neste real decreto.

Artigo 11. *Declaración «CE» de conformidade.*

1. Os subsistemas mencionados no anexo I consideraranse conformes cos requisitos esenciais sinalados no anexo II cando vaian acompañados da declaración «CE» de conformidade prevista no anexo VI e da documentación técnica sinalada no punto 3 deste artigo.

2. O procedemento de exame «CE» dos subsistemas regulado no anexo VII será levado a cabo, a solicitude do fabricante, do seu representante establecido na Comunidade ou, no seu defecto, da persoa física ou xurídica que introduza no mercado o subsistema, polo organismo notificado a que se refire o artigo 17 que designase para tal efecto.

3. O organismo notificado deberá expedir-lo certificado de exame «CE» consonte o disposto no anexo VII e a documentación técnica que o acompañe. Esta documentación técnica deberá incluír tódolos documentos necesarios sobre as características do subsistema, así como, se é o caso, tódolos documentos que acrediten a conformidade dos constituíntes de seguridade. Ademais, terá que incluír toda a información relativa ás condicións e límites de utilización e ás instrucións de mantemento.

4. Realizado satisfactoriamente o exame referido neste artigo, o fabricante, o seu representante establecido na Comunidade ou, no seu defecto, a persoa física ou xurídica que introduza no mercado o subsistema, estenderá a correspondente «declaración CE de conformidade» cando así proceda.

CAPÍTULO IV

Instalacións

Artigo 12. *Procedementos de construción e posta en servizo.*

1. Os órganos competentes en cada caso autorizarán a construción e a posta en servizo das instalacións situadas no seu territorio.

Así mesmo, os citados órganos adoptarán as medidas apropiadas para que os constituíntes de seguridade e os subsistemas que teñan que utilizarse nas instalacións que se constrúan no seu territorio só poidan montarse e comercializarse cando non poñan en perigo a seguridade e a saúde das persoas e, se é o caso, a seguridade dos bens, sempre que os devanditos subsistemas se instalen e manteñan convenientemente e se utilicen conforme o uso para o que estean previstos.

2. Cando se considere que un constituínte de seguridade ou un subsistema presenta características de concepción ou produción innovadoras, adoptaranse tódalas medidas apropiadas e poderase someter a condicións particulares a construción e/ou a posta en servizo da instalación na que se utilice o constituínte de seguridade ou o subsistema innovador.

O órgano que adopte calquera das medidas previstas neste punto comunicarlle sen demora ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía co fin de que este poña en coñecemento da Comisión Europea, de forma motivada e para os efectos previstos no artigo 11.3 da Directiva 2000/9/CE, as condicións particulares impostas.

3. Adoptaranse tódalas medidas apropiadas para que as instalacións só poidan construírse e poñerse en servizo cando fosen proxectadas e realizadas de maneira que garantan o cumprimento dos requisitos esenciais mencionados no anexo II.

4. Non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar a integración nas instalacións dos constituíntes de seguridade nin dos subsistemas que veñan acompañados dunha declaración «CE» de conformidade, de acordo co disposto nos artigos 9 e 11.

5. O propietario da instalación ou o seu representante presentaranlle ó órgano competente para autorizarla construción e posta en servizo da instalación a análise de seguridade prevista no anexo III, as declaracións «CE» de conformidade e a correspondente documentación técnica dos constituíntes de seguridade e dos subsistemas, e conservarán unha copia no centro de control de funcionamento da instalación.

6. O órgano competente comprobará que a análise de seguridade, o seu informe-resumo e a documentación técnica conteñen tódolos documentos relativos ás características da instalación, así como, se é o caso, tódolos que acrediten a conformidade dos constituíntes de seguridade e dos subsistemas. Ademais, comprobará que se dispón de tódolos documentos relativos ás condicións necesarias, incluídas as restriccións á explotación, e as instrucións completas de mantemento, de vixilancia, de axuste e de conservación.

Artigo 13. *Comercialización.*

Non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar a construción e a posta en servizo das instalacións que cumpran o disposto neste real decreto.

Artigo 14. *Condicións de funcionamento.*

Os órganos competentes garantirán que só se manteñan en funcionamento as instalacións que cumpran as condicións establecidas no informe de seguridade.

CAPÍTULO V

Medidas de salvagarda

Artigo 15. *Restriccións á aplicación dos constituíntes de seguridade e dos subsistemas.*

1. Cando se comprobe que un constituínte de seguridade provisto da marcaxe «CE» de conformidade, comercializado e utilizado de acordo co uso ó que está destinado, ou que un subsistema provisto da declaración «CE» de conformidade, utilizado de acordo coa súa finalidade, pode poñer en perigo a seguridade e a saúde das persoas e, se é o caso, a seguridade dos bens, adoptaranse tódalas medidas apropiadas para restrinxilas súas condicións de utilización ou prohibilo seu uso. Informarase inmediatamente á Comisión Europea das medidas tomadas e indicaranse as razóns da decisión, precisando se a falta de conformidade se debe en particular:

- Ó incumprimento dos requisitos esenciais mencionados no anexo II.
- A unha incorrecta aplicación das especificacións europeas referidas na alínea f) do artigo 2, sempre que se invoque a aplicación das devanditas especificacións.
- A unha deficiencia das especificacións europeas aludidas na alínea f) do artigo 2.

2. Cando un constituínte de seguridade, malia contar coa marcaxe «CE» de conformidade, non se axuste ós requisitos esixidos para iso, adoptaranse as medidas que legal ou regulamentariamente procedan contra o responsable da colocación da marcaxe e da expedición da declaración «CE» de conformidade.

Así mesmo, cando un subsistema, malia contar coa declaración «CE» de conformidade, non se acomode ás condicións requiridas para iso, adoptaranse as medidas procedentes contra o expedidor da declaración.

O órgano que adopte calquera destas medidas informará inmediatamente de iso ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, co fin de que este poña en coñecemento da Comisión Europea, de forma motivada, as medidas adoptadas.

Artigo 16. Restriccións á explotación das instalacións.

Cando se comprobe que unha instalación autorizada e utilizada de acordo co uso previsto pode poñer en perigo a seguridade e a saúde das persoas e, se é o caso, a seguridade dos bens, adoptaranse tódalas medidas necesarias para limitar as condicións de explotación de tal instalación ou prohibila devandita explotación.

CAPÍTULO VI**Organismos notificados****Artigo 17. Recoñecemento dos organismos notificados.**

1. Os organismos notificados españois encargados de efectuar o procedemento de avaliación de conformidade previsto nos artigos 9 e 11 deberán ter a condición de organismos de control ós que se refire o capítulo I, título III, da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, desenvolvido no capítulo IV do Regulamento da infraestructura para a calidade e seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, e deberán cumprir os criterios expostos no anexo VIII deste real decreto. Para este fin, ó solicitar a acreditación, presentaranlle á Entidade Nacional de Acreditación a información que permita comprobar o cumprimento dos criterios do citado anexo VIII, acompañada dos correspondentes elementos xustificativos.

2. Os organismos de control referidos no punto anterior, unha vez acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación, deberán dirixir as súas solicitudes de autorización ó órgano competente da Comunidade Autónoma na que inicien a súa actividade ou radiquen as súas instalacións.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a solicitude de notificación dos organismos de control para efectos da súa actuación como organismos notificados, acompañada dunha copia da autorización concedida ós devanditos organismos, indicando expresamente as tarefas para as cales fosen designados, para efectos da súa difusión e eventual comunicación ás restantes administracións competentes, así como á Comisión Europea e ós restantes estados membros, logo de asignación dos correspondentes números de identificación por parte da Comisión Europea.

As resolucións de autorización deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado», nos termos previstos no artigo 43.4 do Regulamento da infraestructura para a calidade e seguridade industrial.

4. Os organismos notificados españois serán inspeccionados de forma periódica, segundo o disposto no citado Regulamento da infraestructura para a calidade e seguridade industrial, para efectos de comprobar que cumpren fielmente o seu cometido en relación coa aplicación deste real decreto.

Cando por calquera medio se comprobe que un organismo notificado español xa non satisfai os criterios indicados no punto 1, seralle retirada a autorización. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través do de Asuntos Exteriores, informará diso inmediatamente ós demais estados membros e á Comisión Europea, para efectos da cancelación da autorización.

5. En todo caso, as resolucións a que se refiren os puntos anteriores serán obxecto de consulta previa ó Ministerio de Fomento en canto departamento ministerial competente en materia de transportes.

6. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía publicará, mediante resolución do órgano competente en materia

de seguridade industrial, a lista de organismos notificados polos estados membros da Unión Europea, indicando os seus números de identificación e as tarefas para as que fosen notificados, e actualizará esta lista periodicamente.

CAPÍTULO VII**Marcaxe «CE» de conformidade****Artigo 18. Procedemento e restriccións.**

1. A marcaxe «CE» de conformidade deberá axustarse ó modelo que figura no anexo IX.

2. A marcaxe «CE» de conformidade deberá colocarse de forma clara e visible en cada constituínte de seguridade ou, en caso de que non sexa posible, nunha etiqueta fixada solidamente ó devandito constituínte.

3. Queda prohibido colocar nos constituíntes de seguridade marcas, sinais ou inscricións que poidan inducir a confusión sobre o significado e a imaxe da marcaxe «CE» de conformidade. Poderán colocarse outras marcas, sempre e cando non reduzan a visibilidade nin a lexibilidade da marcaxe «CE» de conformidade.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 15:

a) Cando se comprobe que se colocou indebidamente nun constituínte a marcaxe «CE» de conformidade, recaerá no fabricante ou no seu representante establecido na Comunidade a obriga de axustalo devandito constituínte ás disposicións esixidas para a referida marcaxe «CE» que figuran neste real decreto.

b) En caso de que a colocación indebida persista, o órgano competente adoptará as medidas apropiadas para restrinxir ou prohibila comercialización do constituínte de seguridade ou retiralo do mercado segundo os procedementos establecidos no artigo 15.

Disposición adicional primeira. Vixencia doutras normas relacionadas coa materia regulada por este real decreto.

As disposicións contidas neste real decreto aplicaranse sen prexuízo do disposto noutras normas que, así mesmo, poidan afectar as instalacións, subsistemas e constituíntes de seguridade, ou ó seu uso ou comercialización.

Disposición adicional segunda. Regulamentacións complementarias.

Os órganos en cada caso competentes poderán establecer requisitos complementarios ós sinalados no artigo 7, co obxecto de garantir a protección das persoas e, en particular, dos traballadores, con ocasión do uso das instalacións correspondentes, sempre que iso non supoña unha modificación das devanditas instalacións que contraveña o disposto neste real decreto.

Disposición transitoria primeira. Período transitorio.

Durante o prazo dun ano admitirase a comercialización de subsistemas e constituíntes de seguridade, así como a construción e posta en servicio de instalacións de transportes de persoas por cable, de acordo coas normas vixentes no momento de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. Instalacións existentes.

Se se modifican características, subsistemas ou constituíntes de seguridade significativos das instalacións que

9
existan antes da entrada en vigor deste real decreto que requiran unha nova autorización de posta en servizo, as devanditas modificacións e a súa incidencia no conxunto da instalación deberán cumprilos requisitos esenciais establecidos no punto 1 do artigo 5 deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Requisitos para a construción de novas instalacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As instalacións autorizadas, a construción das cales non se iniciase antes da entrada en vigor deste real decreto, deberán adecuarse ós requisitos establecidos por este, salvo que sexan eximidas diso por quedar garantido un análogo nivel de seguridade, circunstancia que deberá quedar suficientemente acreditada no expediente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto díctase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Limitacións ás restricións.*

Calquera resolución que restrinxa ou limite a comercialización ou utilización dun constituínte de seguridade ou dun subsistema adoptada en aplicación deste real decreto deberá ser debidamente motivada e notificaráselle de modo inmediato ó interesado, indicándolle os recursos que contra ela procedan e os prazos para interpoñelos.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación e desenvolvemento normativo.*

Autorízase os ministros de Fomento e de Ciencia e Tecnoloxía, no ámbito das súas respectivas competencias, para dictalas normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, así como para modificarlos seus anexos cando sexa necesario para acomodalos ó disposto nas normas comunitarias.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía publicará, con carácter informativo, e mediante resolución do órgano directivo competente en materia de seguridade industrial, as especificacións técnicas ou homologacións técnicas europeas, así como as referencias das normas harmonizadas que fosen publicadas no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO I

Subsistemas dunha instalación

Para os efectos deste real decreto, unha instalación componse da infraestrutura e dos seguintes subsistemas, nos que sempre se terán en conta os requisitos técnicos de explotación e mantemento:

1. Cables e pinzas de cables.
2. Equipo motor e freos.
3. Dispositivos mecánicos:
 - 3.1 Dispositivos de tensión dos cables.
 - 3.2 Dispositivos mecánicos nas estacións.
 - 3.3 Dispositivos mecánicos nos soportes de liña.
4. Vehículos:
 - 4.1 Cabinas, cadeiras e dispositivos de arrastre.
 - 4.2 Elementos de enganche.
 - 4.3 Carros.
 - 4.4 Suxeición ós cables.
5. Dispositivos electrotécnicos:
 - 5.1 Dispositivos de mando, control e seguridade.
 - 5.2 Instalacións de comunicación e de información.
 - 5.3 Dispositivos de protección contra o raio.
6. Salvamento:
 - 6.1 Dispositivos de salvamento fixos.
 - 6.2 Dispositivos de salvamento móbiles.

ANEXO II

Requisitos esenciais

1. Introducción.

Este anexo define os requisitos esenciais que se aplican á concepción, construción e posta en servizo, incluídos os requisitos técnicos de explotación e mantemento, das instalacións contempladas na alínea a) do artigo 2 deste real decreto.

2. Requisitos xerais.

2.1 Seguridade das persoas: a seguridade dos usuarios, os traballadores e os terceiros é un requisito fundamental para a concepción, construción e explotación das instalacións.

2.2 Principios de seguridade: toda instalación deberá proxectarse, construírse, explotarse e manterse aplicando os principios seguintes na orde indicada:

a) Eliminar ou, no seu defecto, reduci-los riscos mediante disposicións sobre a concepción e construción.

b) Definir e toma-las medidas de protección necesarias ante os riscos que non poidan eliminarse mediante as disposicións sobre a concepción e construción.

c) Definir e dar a coñece-las precaucións que deben tomarse para evita-los riscos que non se puidesen eliminar totalmente mediante as disposicións e medidas contempladas nos guións primeiro e segundo.

2.3 Condicionamentos externos: toda instalación deberá estar deseñada e construída de modo que poida ser explotada con seguridade tendo en conta o tipo de instalación, as características do terreo e do contorno, as condicións atmosféricas e meteorolóxicas, as construcións e os obstáculos posibles terrestres e aéreos situados nas proximidades.

2.4 Dimensionamento: a instalación, os subsistemas e tódolos seus constituíntes de seguridade deben te-las dimensións necesarias e estar deseñados e realizados para resistir con seguridade suficiente os esforzos

correspondentes a tódalas condicións previsibles, incluídas as que poidan producirse coa instalación fóra de servizo, tendo en conta, en particular, as accións exteriores, os efectos dinámicos e os fenómenos de fatiga, e utilizando as posibilidades técnicas existentes, especialmente na elección dos materiais.

2.5 Montaxe.

2.5.1 A instalación, os subsistemas e tódolos constituíntes de seguridade deberán deseñarse e construírse de maneira que quede garantida a seguridade da montaxe e a instalación.

2.5.2 Os constituíntes de seguridade deberán deseñarse de modo que sexan imposibles os erros de montaxe, xa sexa por construción, xa sexa mediante marcas adecuadas nos propios constituíntes de seguridade.

2.6 Integridade da instalación.

2.6.1 Os constituíntes de seguridade deberán proxectarse, construírse e poderse utilizar de maneira que quede garantida, en tódolos casos, a súa propia integridade funcional e/ou a seguridade da instalación, tal como se define na análise de seguridade mencionada no anexo III, para que un fallo sexa moi improbable e cunha adecuada marxe de seguridade.

2.6.2 A instalación deberá proxectarse e realizarse de maneira que durante a súa explotación, en caso de producirse calquera fallo dun constituínte que poida afectar a seguridade, mesmo de maneira indirecta, se tome a tempo unha medida adecuada.

2.6.3 As garantías de seguridade mencionadas nos puntos 2.6.1 e 2.6.2 deberán poderse demostrar durante todo o intervalo de tempo comprendido entre dúas verificacións previstas do constituínte correspondente. Os intervalos de tempo entre as verificacións dos constituíntes de seguridade deberán constar claramente nos manuais de mantemento.

2.6.4 Os constituíntes de seguridade que se integren como pezas de recambio nunha instalación, deberán cumprir non só os requisitos esenciais deste real decreto, senón tamén os requisitos referentes á compatibilidade cos restantes compoñentes da instalación.

2.6.5 Deberán tomarse as disposicións necesarias para que a seguridade dos pasaxeiros e do persoal non quede comprometida polos efectos dun incendio que se produza na instalación.

2.6.6 Deben tomarse medidas especiais para protexer as instalacións e as persoas das consecuencias dos raios.

2.7 Dispositivos de seguridade.

2.7.1 Calquera deficiencia da instalación que poida afectar gravemente a seguridade deberá ser detectada, notificada e neutralizada mediante un dispositivo de seguridade, sempre que iso sexa viable. O mesmo vale para calquera problema exterior normalmente previsible que poida poñer en perigo a seguridade.

2.7.2 En calquera momento deberá ser posible deter manualmente a instalación.

2.7.3 Una vez que se detivese a instalación mediante un dispositivo de seguridade, non deberá ser posible volver a poñela en funcionamento sen toma-las medidas adecuadas.

2.8 Requisitos referentes ó mantemento: a instalación deberá proxectarse e construírse de modo que os labores de mantemento e reparación, especiais ou de rutina, poidan levarse a cabo de forma segura.

2.9 Efectos sobre o contorno: a instalación deberá concibirse e construírse de modo que calquera prexuízo ou molestia interno ou externo debidos a emisións de gases contaminantes, ruídos ou vibracións se produzan dentro dos límites permitidos pola lexislación.

3. Requisitos referentes á infraestrutura.

3.1 Trazado das liñas, velocidade e distancia entre vehículos.

3.1.1 A instalación deberá deseñarse de modo que funcione de forma segura e sen perigo, atendendo ás características do terreo e do contorno, ás condicións atmosféricas e meteorolóxicas, ás construcións e obstáculos posibles terrestres e aéreos situados nas proximidades, de tal modo que non se produzan efectos nocivos nin riscos en ningunha circunstancia do seu funcionamento nin do seu mantemento, nin en caso de evacuación de persoas.

3.1.2 Deberá haber distancia suficiente, tanto lateral como verticalmente, entre os vehículos, os dispositivos de arrastre, os raís, os cables, etc., e as construcións e os obstáculos posibles terrestres e aéreos situados nas proximidades; para iso terase en conta o movemento vertical, lonxitudinal e lateral dos cables e dos vehículos, así como dos dispositivos de arrastre, nas condicións de explotación máis desfavorables que poidan preverse.

3.1.3 A distancia máxima entre os vehículos e o solo deberá fixarse tendo en conta a natureza da instalación, o tipo de vehículo e as modalidades de evacuación, así como o perigo de caída no caso dos vehículos abertos e os aspectos psicolóxicos asociados á altura.

3.1.4 A velocidade máxima dos vehículos e dos dispositivos de arrastre, así como o espazo mínimo entre eles e a aceleración e freada deles deberán fixarse de forma que quede garantida a seguridade das persoas e do funcionamento da instalación.

3.2 Estacións e soportes de liña.

3.2.1 As estacións e soportes de liña deberán proxectarse, construírse e equiparse de modo que sexan estables. Deberán permiti-lo movemento e mantemento seguros dos cables, vehículos e dispositivos de arrastre en calquera condición de explotación que poida presentarse.

3.2.2 As zonas de embarque e de desembarque da instalación disporanse de forma que o paso dos vehículos, dispositivos de arrastre e persoas sexa seguro. O movemento dos vehículos e dispositivos de arrastre nas estacións deberá poder facerse sen risco ningún para as persoas, tendo en conta a actividade delas na instalación.

4. Requisitos referentes ós cables, sistemas de equipo motor e de freada, así como ás instalacións mecánicas e eléctricas.

4.1 Cable e soportes deles.

4.1.1 Con respecto ós cables, tomaranse tódalas que permitan as medidas técnicas máis recentes co fin de:

- a) Evita-la ruptura dos cables e das súas pinzas.
- b) Garanti-lo seu esforzo mínimo e máximo.
- c) Garanti-la seguridade da montaxe dos cables nos seus soportes e evitar descarrilamentos.
- d) Permiti-lo seu control.

4.1.2 Cando non sexa posible descartar totalmente o risco de descarrilamento dos cables, tomaranse medidas que permitan recupera-los cables e dete-la instalación sen perigo para as persoas.

4.2 Instalacións mecánicas.

4.2.1 Equipo motor: a capacidade e o rendemento do equipo motor da instalación deberá cumprilos requisitos dos distintos modos e condicións de funcionamento.

4.2.2 Motor de emerxencia: a instalación deberá ir equipada dun motor de emerxencia cunha subministración enerxética independente do motor principal. Non obstante, o motor de emerxencia non é necesario se a análise de seguridade demostra que os usuarios poden abandonar a instalación, e en particular os vehículos ou dispositivos de arrastre, de forma fácil, rápida e segura, mesmo na falta dun motor de emerxencia.

4.2.3 Sistema de freada:

4.2.3.1 En caso de emerxencia, a instalación e/ou os vehículos deberán poder deterse en calquera momento, nas condicións máis desfavorables no referente a peso e adherencia á polea que estean permitidas para o seu funcionamento. A distancia de freada será tan reducida como sexa preciso para a seguridade da instalación.

4.2.3.2 Os valores de desaceleración deberán axustarse a límites adecuados, de modo que se garanta a seguridade das persoas e o funcionamento correcto dos vehículos, cables e demais partes da instalación.

4.2.3.3 Tódalas instalacións deberán ir provistas de dous ou máis sistemas de freada, cada un dos cales deberá poder dete-la instalación; os sistemas de freada deberán estar coordinados de tal modo que poidan substituír automaticamente o sistema activo cando a eficacia deste sexa insuficiente. O último sistema de freada de reserva do cable de tracción deberá actuar directamente sobre a polea de tracción. Estas disposicións non se aplicarán ós telesquíis.

4.2.3.4 A instalación deberá estar provista dun dispositivo de parada e de inmovilización que impida que poida volver a poñerse en funcionamento de forma inintencionada.

4.3 Dispositivos de mando: os dispositivos de mando proxectaranse e construíranse de modo que sexan seguros e fiables e resistan os esforzos normais do funcionamento, e factores externos como a humidade, as temperaturas extremas ou as interferencias electromagnéticas e que, mesmo en caso de erro de manexo, non se produzan situacións de perigo.

4.4 Dispositivo de comunicación: o persoal da instalación deberá contar cos dispositivos necesarios para estar constantemente en comunicación e, en caso de emerxencia, informa-los usuarios.

5. Vehículos e dispositivos de arrastre.

5.1 Os vehículos e dispositivos de arrastre proxectaranse e fabricaranse de forma que, en condicións normais de funcionamento, ninguén poida caer ou estar exposto a outros perigos.

5.2 As pinzas dos vehículos e dos dispositivos de arrastre proxectaranse e fabricaranse de forma que, mesmo nas condicións máis desfavorables:

a) Non danen o cable.

b) Non poidan esvarar, excepto nos casos en que o esvaramento non teña unha incidencia notable na seguridade do vehículo, do dispositivo de arrastre ou da instalación.

5.3 As portas dos vehículos (en vagóns e cabinas) deberán proxectarse e construírse de forma que poidan cerrarse, tamén con ferrollo. O chan e as paredes dos vehículos deberán proxectarse e fabricarse de forma que, en calquera circunstancia, poidan resistir a presión e os esforzos a que poidan sometelos os usuarios.

5.4 Se por motivos de seguridade da explotación se esixe a presenza a bordo dun conductor, o vehículo deberá estar equipado para que este poida exercer as súas funcións.

5.5 Os vehículos e os dispositivos de arrastre e, en particular, os elementos de enganche deberán proxec-

tarse e construírse de modo que poida garantirse a seguridade dos empregados que traballen na instalación, de acordo coas normas e instrucións correspondentes.

5.6 No caso dos vehículos equipados con pinzas desembragables, tomaranse tódalas medidas necesarias para deter, sen perigo para os usuarios, desde a saída, un vehículo co embrague da pinza ó cable incorrecto e, á chegada, un vehículo no que non se producise o desembrague da pinza e impedi-la eventual caída do devandito vehículo.

5.7 Os vehículos dos funiculares e, sempre que o tipo de instalación o permita, os teleféricos bicables, deberán estar equipados cun dispositivo de freada automática que actúe sobre o raíl, cando non poida excluírse razoablemente a posibilidade de ruptura do cable de tracción.

5.8 Cando non poida descartarse a posibilidade de descarrilamento mediante outras medidas, o vehículo deberá estar equipado cun dispositivo que permita dete-lo vehículo sen perigo para as persoas.

6. Dispositivos para os usuarios.

O acceso ás zonas de embarque e a saída das zonas de desembarque, así como o embarque e desembarque dos usuarios, deberán organizarse de tal forma, polo que se refire ó control do tráfico e ó aparcamento de vehículos, que se poida garanti-la seguridade das persoas, sobre todo nos lugares en que poida haber perigo de caída. Para os nenos e persoas de mobilidade limitada, garantirase o uso seguro da instalación cando o transporte destas persoas estea previsto na instalación.

7. Requisitos técnicos de explotación.

7.1 Seguridade.

7.1.1 Tomaranse tódalas medidas e disposicións técnicas necesarias para que a instalación poida utilizarse para o seu fin segundo as características técnicas e as condicións específicas de funcionamento dela e para que poidan respectarse as normas pertinentes de mantemento e de seguridade de explotación. O manual de uso e as consignas correspondentes redactaranse na lingua ou linguas oficiais do territorio no que se encontra situada a instalación.

7.1.2 As persoas facultadas para facer funciona-la instalación deberán dispor do material adecuado, que debe ser apto para este cometido.

7.2 Seguridade en caso de detención da instalación: tomaranse tódalas medidas e disposicións técnicas necesarias para garanti-lo rescate dos usuarios, dentro dun prazo pertinente para o tipo de instalación e o contorno dela, nos casos en que a instalación quede detida e non poida volver a poñerse en marcha rapidamente.

7.3 Outras disposicións especiais referentes á seguridade.

7.3.1 Postos de mando e de operacións: os elementos móbiles ós que poida accederse nas estacións deberán proxectarse, construírse e instalarse de forma que se eviten posibles riscos e, en caso de que algún subsista, deberán ir provistos de dispositivos de protección de forma que se evite calquera contacto directo con partes da instalación que poida dar lugar a accidentes. Estes dispositivos non deberán poder desprenderse nin utilizarse facilmente.

7.3.2 Risco de caída: os lugares de traballo e operacións, mesmo os usados ocasionalmente, e o acceso a eles, deberán proxectarse e construírse de modo que as persoas que traballen ou se despracen neles non corran o risco de caeren. En caso de que isto non sexa suficiente, os devanditos lugares estarán provistos de puntos de suxeición para equipos de protección persoal destinados a evitar caídas.

ANEXO III**Análise de seguridade**

A análise de seguridade a que se refire o punto 1 do artigo 6 deste real decreto deberá ter en conta tódolos modos de funcionamento previstos. Esta análise deberá realizarse segundo métodos establecidos ou recoñecidos e ter en conta os últimos avances técnicos e a complexidade da instalación de que se trate. Tamén se pretende garantir con esta análise que a concepción e construción da instalación ten en conta o contorno dela e as situacións máis adversas, para garantir un grao de seguridade satisfactorio. Esta análise considerará así mesmo os dispositivos de seguridade e o seu efecto na instalación e nos subsistemas da mesma activados polos devanditos dispositivos de modo que estes: sexan capaces de reaccionar ante unha primeira avaría ou deficiencia para mante-la instalación, ben nun estado que garanta a seguridade, ben nun modo de funcionamento reducido seguro ou ben nunha parada de seguridade por anomalía («fail safe»), ou sexan suficientes e estean baixo control, ou sexan de tal natureza que poidan estudiarse as súas probabilidades de fallo e o nivel dos fallos sexa comparable ó dos dispositivos de seguridade que respondan ós criterios que figuran nos guións primeiro e segundo.

A análise de seguridade utilizarase para redactar un inventario dos riscos e das situacións perigosas contempladas no punto 1 do artigo 6 deste real decreto e establece-la lista dos constituíntes de seguridade a que se refire o punto 2 do devandito artigo. Os resultados da análise de seguridade resumiranse nun informe sobre a seguridade.

ANEXO IV**Constituíntes de seguridade: declaración «CE» de conformidade**

O disposto neste anexo aplicarase ós constituíntes de seguridade mencionados na alínea b) do artigo 2 deste real decreto, co fin de comproba-lo cumprimento dos requisitos esenciais que lles concirnen establecidos no punto 1 do artigo 5 e definidos no anexo II. A declaración «CE» de conformidade e os documentos que a acompañen deberán ir datados e asinados. Deberá redactarse na mesma ou as mesmas linguas que o manual de uso mencionado no punto 7.1.1 do anexo II.

A declaración «CE» de conformidade comprenderá os elementos seguintes:

- a) As referencias do real decreto.
- b) O nome, os apelidos, a razón social e o enderezo completo do fabricante ou do seu representante establecido na Comunidade; cando se trate do representante indícarase igualmente o nome, os apelidos, a razón social e o enderezo completo do fabricante.
- c) Descrición do constituínte (marca, tipo, etc.).
- d) Procedemento seguido para declara-la conformidade (artigo 9 deste real decreto).
- e) Tódalas disposicións pertinentes ás que responda o constituínte e, en particular, as disposicións relacionadas coa súa utilización.
- f) O nome e o enderezo do organismo ou organismos notificados que interviñesen no procedemento de conformidade, a data do certificado de exame «CE» e, se procede, a duración e condicións de validez do certificado.
- g) Se procede, a referencia das normas harmonizadas aplicables.
- h) Datos persoais do signatario con poder para asinar en nome do fabricante ou do seu representante establecido na Comunidade.

ANEXO V**Constituíntes de seguridade: avaliación da conformidade****1. Ámbito de aplicación.**

Este anexo aplicarase ós constituíntes de seguridade e ten por obxecto verifica-lo cumprimento dos requisitos esenciais mencionados no punto 1 do artigo 5 deste real decreto e definidos no anexo II. Aplicarase á avaliación, por un ou varios organismos notificados, da conformidade intrínseca dun constituínte, considerado illadamente, coas especificacións técnicas que debe respectar.

2. Procedementos.

Os procedementos de avaliación que apliquen os organismos notificados, tanto na fase de concepción como na de produción, basearanse nos módulos definidos na Decisión 93/465/CEE do Consello, segundo as modalidades indicadas no cadro que figura a continuación. As solucións que se indican no devandito cadro considéranse equivalentes e déixaselle ó fabricante a opción de utiliza-la que considere máis conveniente.

Avaliación da conformidade dos constituíntes de seguridade

Deseño	Producción
1. Exame «CE» de tipo. Módulo B.	1a) Aseguramento de calidade da produción. Módulo D. 1b) Verificación dos produtos. Módulos F.
2. Aseguramento de calidade total. Módulo H.	2. Aseguramento de calidade total. Módulo G.
3. Verificación por unidade. Módulo G.	3. Verificación por unidade. Módulo G.

Os módulos deben aplicarse tendo en conta condicións suplementarias específicas previstas en cada módulo.

Módulo B: exame «CE» de tipo

1. Este módulo describe a parte do procedemento mediante a cal un organismo notificado comproba e certifica que un exemplar representativo da produción considerada cumpre as disposicións deste real decreto.

2. O fabricante, ou o seu representante establecido na Comunidade, presentará a solicitude de exame «CE» de tipo ante o organismo notificado que el mesmo elixa. A solicitude incluirá:

a) O nome, os apelidos e o enderezo do fabricante e, se a solicitude a presenta un representante, tamén o nome, os apelidos e o enderezo deste último.

b) Unha declaración escrita na que se especifique que a mesma solicitude non se presentou a ningún outro organismo notificado.

c) A documentación técnica descrita no punto 3. O solicitante porá á disposición do organismo notificado un exemplar do produto representativo da produción considerada, no sucesivo denominado «tipo». O organismo notificado poderá pedir outros exemplares se así o esixe o programa de ensaios.

3. A documentación técnica deberá permitirla avaliación da conformidade do constituínte cos requisitos deste real decreto. Sempre que sexa necesario para a devandita avaliación, a documentación técnica deberá incluí-lo deseño, a fabricación e o funcionamento do constituínte.

Na medida necesaria para a avaliación, esta documentación comprenderá:

- a) Unha descrición xeral do tipo.
- b) Planos de deseño e de fabricación e esquemas dos compoñentes, subconxuntos, circuitos, etc.
- c) As descricións e explicacións necesarias para a comprensión destes planos e esquemas e do funcionamento do constituínte.
- d) Unha lista das especificacións europeas ás que se refire a alínea f) do artigo 2 deste real decreto que se aplicasen, total ou parcialmente, e unha descrición das solucións adoptadas para cumprilos requisitos esenciais cando non existan as especificacións contempladas na alínea f) do artigo 2 deste real decreto.
- e) Os resultados dos cálculos de deseño realizados, dos ensaios efectuados, etc.
- f) Os informes dos ensaios.

A documentación indicará así mesmo o ámbito de utilización do constituínte.

4. O organismo notificado.

4.1 Examinará a documentación técnica, comprobará que o tipo foi fabricado de acordo coa documentación técnica e indicará os elementos que foron deseñados de acordo coas disposicións aplicables das especificacións europeas mencionadas na alínea f) do artigo 2 do Real decreto e os elementos cun deseño que non se apoia nas disposicións apropiadas das devanditas especificacións europeas.

4.2 Realizará ou fará realiza-los controis apropiados e os ensaios necesarios para comprobar se as solucións adoptadas polo fabricante cumpren os requisitos esenciais deste real decreto cando as especificacións europeas ás que se refire a alínea f) do artigo 2 non se aplicasen.

4.3 Realizará ou fará realiza-los controis apropiados e os ensaios necesarios para comprobar, en caso de que o fabricante optase por aplica-las especificacións europeas pertinentes, se estas se aplicaron realmente.

4.4 Porase de acordo co solicitante sobre o lugar onde se efectuarán os controis e ensaios necesarios.

5. Se o tipo cumpre as disposicións deste real decreto, o organismo notificado expediralle ó solicitante un certificado de exame «CE» de tipo. Este certificado incluírá o nome e o enderezo do fabricante, as conclusións do control, as condicións do certificado e o prazo de validez deste e os datos necesarios para a identificación do tipo aprobado.

Xuntaráselle ó certificado unha lista das partes significativas da documentación técnica e o organismo notificado conservará unha copia. Se o organismo notificado se nega a expedir un certificado de exame «CE» de tipo ó fabricante, deberá motiva-la súa decisión de forma detallada. Deberá establecerse un procedemento de recurso.

6. O solicitante informará ó organismo notificado que teña no seu poder a documentación técnica relativa ó certificado de exame «CE» de tipo de calquera modificación do constituínte aprobado que deba recibir unha nova aprobación, se as devanditas modificacións afectan a conformidade cos requisitos esenciais ou as condicións previstas de utilización do elemento constituínte. Esta nova aprobación expedirase en forma de complemento ó certificado orixinal de exame «CE» de tipo.

7. Cada organismo notificado comunicarlles ós demais organismos notificados a información pertinente sobre tódolos certificados de exame «CE» de tipo e complementos expedidos ou retirados.

8. Os demais organismos notificados poderán recibir copias dos certificados de exame «CE» de tipo e dos seus complementos. Os anexos dos certificados quedarán á disposición dos demais organismos notificados.

9. O fabricante ou o seu representante deberá conservar unha copia dos certificados de exame «CE» de tipo e dos seus complementos xunto coa documentación técnica durante un prazo de polo menos trinta anos a partir da última data de fabricación do constituínte. Se nin o fabricante nin o seu representante están establecidos na Comunidade, a obriga de conservar dispoñible a documentación técnica corresponderalle á persoa responsable da comercialización do constituínte no mercado comunitario.

Módulo D: aseguramento de calidade da produción

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que cumpra as obrigas do punto 2 asegura e declara que os produtos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame «CE» de tipo e cumpren os requisitos deste real decreto. O fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade estampará a marcaxe «CE» en cada constituínte e fará unha declaración escrita de conformidade. A marcaxe «CE» irá acompañada do símbolo de identificación do organismo notificado responsable da vixilancia a que se refire o punto 4.

2. O fabricante deberá aplicar un sistema aprobado de calidade da produción, efectuar unha inspección e ensaios dos constituíntes acabados ós que se refire o punto 3 e estará suxeito á vixilancia indicada no punto 4.

3. Sistema de calidade.

3.1 O fabricante presentará, para os constituíntes de que se trate, unha solicitude de avaliación do seu sistema de calidade ante un organismo notificado da súa elección.

A solicitude incluírá:

- a) Toda a información pertinente sobre a categoría dos constituíntes considerados.
- b) A documentación relativa ó sistema de calidade.
- c) Se é o caso, a documentación técnica do tipo aprobado e unha copia do certificado de exame «CE» de tipo.

3.2 O sistema de calidade deberá asegura-la conformidade dos constituíntes co tipo descrito no certificado de exame «CE» de tipo e cos requisitos deste real decreto. Tódolos elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións escritas. A documentación sobre o sistema de calidade deberá permitir unha interpretación uniforme dos programas, planos, manuais e expedientes da calidade. En especial, incluírá unha descrición adecuada:

a) Dos obxectivos de calidade, o organigrama e as responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire á calidade dos constituíntes.

b) Dos procesos de fabricación, de técnicas de control e técnicas de aseguramento de calidade e as actividades sistemáticas que se levarán a cabo.

c) Dos exames e ensaios que se realizarán antes, durante e despois da fabricación, e a frecuencia con que se levarán a cabo.

d) Dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección e os datos sobre ensaios e calibración,

os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

e) Dos medios para vixia-la obtención da calidade requirida dos constituíntes e o funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre cos requisitos a que se refire o punto 3.2. Deberá supoñer que os sistemas de calidade que apliquen a norma harmonizada correspondente son conformes ós devanditos requisitos. O equipo de auditores terá polo menos un membro que posúa experiencia na avaliación da tecnoloxía do constituínte en cuestión. O procedemento de avaliación incluírá unha visita de inspección ás instalacións do fabricante. A decisión notificaráselle ó fabricante. A notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que se deriven do sistema de calidade tal como se aprobase e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz. O fabricante ou o seu representante informará regularmente ó organismo notificado que aprobase o sistema de calidade de calquera adaptación que se preveña nel. O organismo notificado avaliará as modificacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado segue cumprindo os requisitos establecidos no punto 3.2 ou se é precisa unha nova avaliación. O organismo notificado notificaralle a súa decisión ó fabricante. Esta notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado.

4.1 O obxectivo da vixilancia consiste en asegurar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2 O fabricante permitirá o acceso do organismo notificado ós lugares de fabricación, inspección, ensaio e almacenamento para que este poida facer as inspeccións necesarias e proporcionaralle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación sobre o sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade, como, por exemplo, os informes de inspección e os datos sobre ensaios e sobre calibración, os informes sobre a cualificación do persoal, etc.

4.3 O organismo notificado efectuará periodicamente auditorías para asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade e facilitaralle un informe da auditoría ó fabricante.

4.4 Ademais, o organismo notificado poderá efectuar visitas de inspección de improviso ó fabricante. No transcurso das devanditas visitas o organismo notificado poderá realizar ou facer realizar ensaios con obxecto de comprobar, se se considera necesario, o bo funcionamento do sistema de calidade. Presentará ó fabricante un informe da visita e, se se realizase un ensaio, un informe do ensaio.

5. Polo menos durante trinta anos a partir da última data de fabricación do constituínte, o fabricante manterá á disposición das autoridades nacionais:

- a) A documentación á que se refire o parágrafo segundo.b) do punto 3.1.
- b) As adaptacións a que se refire o parágrafo segundo do punto 3.4.
- c) As decisións e informes do organismo notificado a que se refiren os puntos 3.4, 4.3 e 4.4.

6. Cada organismo notificado deberalles comunicar ós demais organismos notificados as informacións pertinentes sobre tódalas aprobacións de sistemas de calidade expedidas e retiradas.

Módulo F: verificación dos productos

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade asegura e declara que os constituíntes que estivesen suxeitos ás disposicións do punto 3 son conformes co tipo descrito no certificado de exame «CE» de tipo e cumpren cos requisitos deste real decreto.

2. O fabricante adoptará tódalas medidas necesarias para que o proceso de fabricación asegure a conformidade dos constituíntes co tipo descrito no certificado de exame «CE» de tipo e cos requisitos deste real decreto. O fabricante ou o seu representante estampará a marcaxe «CE» en cada constituínte e elaborará unha declaración de conformidade.

3. O organismo notificado efectuará os exames e ensaios adecuados con obxecto de verificala conformidade dos constituíntes cos requisitos deste real decreto, mediante o control e o ensaio ben de cada constituínte, como se especifica no punto 4, ben dos constituíntes sobre unha base estatística, tal como se especifica no punto 5, á elección do fabricante. O fabricante ou o seu representante conservará unha copia da declaración de conformidade durante un período mínimo de trinta anos a partir da última data de fabricación do constituínte.

4. Verificación por control e ensaio de cada constituínte.

4.1 Examinaranse individualmente tódolos constituíntes e realizaranse os ensaios adecuados definidos nas especificacións europeas aplicables mencionadas na alínea f) do artigo 2 deste real decreto, ou ensaios equivalentes, para verificala súa conformidade co tipo descrito no certificado de exame «CE» de tipo e cos requisitos deste real decreto.

4.2 O organismo notificado estampará ou fará estampa-lo seu símbolo de identificación en cada constituínte aprobado e expedirá por escrito un certificado de conformidade relativo ós ensaios efectuados.

4.3 O fabricante ou o seu representante deberá estar en condicións de presenta-los certificados de conformidade do organismo notificado, en caso de que lle sexan requiridos.

5. Verificación estatística.

5.1 O fabricante presentará os seus constituíntes en forma de lotes homoxéneos e tomará tódalas medidas necesarias para que o procedemento de fabricación asegure a homoxeneidade de cada lote producido.

5.2 Tódolos constituíntes estarán dispoñibles para seren verificados en forma de lotes homoxéneos. Extraerase de cada lote unha mostra ó azar, e os seus constituíntes serán examinados de forma individual e efectuaranse os ensaios apropiados segundo a especificación ou especificacións europeas ás que se refire a alínea f) do artigo 2 do real decreto, ou ensaios equivalentes, co propósito de verificala súa conformidade cos requisitos da presente directiva e para determina-la aceptación ou rexeitamento do lote.

5.3 O procedemento estatístico deberá constar dos elementos seguintes: un método estatístico, un plan de mostraxe coas súas características operativas.

5.4 Para os lotes aceptados, o organismo notificado estampará ou mandará estampa-lo seu símbolo de identificación en cada constituínte e expedirá un certificado de conformidade relativo ós ensaios efectuados. Tódolos constituíntes de que consta o lote poderán ser obxecto de comercialización, excepto aqueles da mostra que se comprobouse que non eran conformes. Se un lote é rexeitado, o organismo notificado competente adoptará as

medidas necesarias para impedir que o lote en cuestión sexa obxecto de comercialización. No suposto de rexeitamentos frecuentes de lotes, o organismo notificado poderá suspender a verificación estatística. O fabricante poderá estampar, baixo a responsabilidade do organismo notificado, o símbolo de identificación deste último durante o proceso de fabricación.

5.5 O fabricante ou o seu representante deberá estar en condicións de presentar os certificados de conformidade do organismo notificado, en caso de que lle sexan requiridos.

Módulo G: verificación por unidade

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante asegura e declara que o constituínte considerado que obtívase o certificado mencionado no punto 2 cumpre os requisitos deste real decreto. O fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade estampará a marcaxe «CE» en cada constituínte e elaborará unha declaración de conformidade.

2. O organismo notificado examinará o constituínte e realizará os ensaios adecuados definidos na especificación ou especificacións europeas aplicables, mencionadas na alínea f) do artigo 2 deste real decreto, ou ensaios equivalentes, para verifica-la súa conformidade cos requisitos aplicables deste real decreto. O organismo notificado estampará ou mandará estampa-lo seu símbolo de identificación no constituínte aprobado e expedirá un certificado de conformidade relativo ós ensaios efectuados.

3. A documentación técnica ten a finalidade de permiti-la avaliación da conformidade cos requisitos deste real decreto e a comprensión do deseño, fabricación e funcionamento do constituínte.

Na medida en que resulte necesaria para a avaliación, a documentación incluirá:

- a) Unha descrición xeral do tipo.
- b) Planos de deseño conceptual e fabricación, e esquemas dos constituíntes, subconxuntos, circuítos, etcétera.
- c) As descricións e explicacións necesarias para a comprensión dos devanditos planos e esquemas, e do funcionamento dos constituíntes.
- d) Una lista das normas a que se refire a alínea f) do artigo 2 deste real decreto, tanto se se aplican total ou parcialmente, e unha descrición das solucións adoptadas para satisfacer os requisitos esenciais, cando non se aplicasen as especificacións europeas contempladas na devandita alínea f) do artigo 2.
- e) Os resultados dos cálculos realizados para o proxecto, dos ensaios efectuados, etc.
- f) Os informes dos ensaios.
- g) O ámbito de utilización dos constituíntes.

Módulo H: aseguramento de calidade total

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que cumpre as obrigas establecidas no punto 2 asegura e declara que os constituíntes considerados cumpren os requisitos deste real decreto. O fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade estampará a marcaxe «CE» en cada constituínte e fará unha declaración escrita de conformidade. A marcaxe «CE» irá xunto co símbolo de identificación do organismo notificado responsable do control mencionado no punto 4.

2. O fabricante aplicará un sistema de calidade aprobado para o deseño, a fabricación, a inspección final dos constituíntes e os ensaios, tal e como se especifica

no punto 3, e estará suxeito ó control mencionado no punto 4.

3. Sistema de calidade.

3.1 O fabricante presentará unha solicitude de avaliación do seu sistema de calidade a un organismo notificado.

A solicitude incluirá: toda a información pertinente segundo a categoría de constituínte que se considere, a documentación relativa ó sistema de calidade.

3.2 O sistema de calidade asegurará a conformidade dos constituíntes cos requisitos aplicables deste real decreto. Tódolos elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante deberán figurar na documentación de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións escritas. A documentación do sistema de calidade permitirá unha interpretación uniforme das medidas de procedemento e de calidade, como, por exemplo, os programas, planos, manuais e expedientes de calidade. En especial, a devandita documentación incluirá unha descrición adecuada:

a) Dos obxectivos de calidade, do organigrama e das responsabilidades do persoal de xestión e das súas atribucións no que se refire á calidade do deseño e á calidade dos constituíntes.

b) Das especificacións técnicas do deseño, incluídas as especificacións europeas contempladas na alínea f) do artigo 2 deste real decreto que se aplicarán e, cando as especificacións europeas non se apliquen na súa totalidade, os medios que se utilizarán para que se cumpran os requisitos esenciais deste real decreto que son de aplicación ós constituíntes.

c) Das técnicas de control e verificación do deseño, dos procesos e as actividades sistemáticas que se realizarán no deseño dos constituíntes que formen parte da categoría cuberta de constituíntes.

d) Das técnicas correspondentes de fabricación, control de calidade e aseguramento de calidade, e das actividades e procesos sistemáticos que se utilizarán.

e) Dos controis e ensaios que se efectuarán antes, durante e despois da fabricación, así como a frecuencia destes.

f) Dos expedientes de calidade, como, por exemplo, os informes de inspección e os datos de ensaios e de calibración, os informes sobre a cualificación do persoal correspondente, etc.

g) Dos medios para controla-la obtención da calidade desexada no que se refire ó deseño e ó constituínte, así como o funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos que se indican no punto 3.2. Dará por suposto que os sistemas de calidade que apliquen as normas harmonizadas correspondentes cumpren os devanditos requisitos. O equipo de auditores terá polo menos un membro que posúa experiencia, como asesor, na avaliación da tecnoloxía de que se trate. O procedemento de avaliación incluirá unha visita ás instalacións do fabricante. A decisión notificáraselle ó fabricante. A notificación ó fabricante incluirá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que se deriven do sistema de calidade tal como se aprobouse e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz. O fabricante, ou o seu representante, manterá informado o organismo notificado que aprobouse o sistema de calidade de calquera proxecto de adaptación del. O organismo notificado avaliará as modificacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado segue cumprindo os requisitos especificados no punto 3.2, ou se é precisa unha nova avaliación.

O organismo notificado notificaralle a súa decisión ó fabricante. Esta notificación incluirá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado.

4.1 O obxectivo da vixilancia consiste en asegurarse de que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2. O fabricante autorizará o organismo notificado para ter acceso, con fins de inspección, ás súas instalacións de deseño, fabricación, inspección, ensaio e almacenamento, e facilitaralle toda a información necesaria, en particular:

- a) A documentación sobre o sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade previstos para a fase de deseño do sistema de calidade, tales como os resultados das análises, cálculos, ensaios, etc.
- c) Os expedientes de calidade previstos pola parte do sistema de calidade dedicada á fabricación, tales como informes de inspección e datos de ensaios, datos de calibración, informes sobre a cualificación do persoal correspondente, etc.

4.3 O organismo notificado realizará auditorías periodicamente para asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade e facilitará un informe da auditoría ó fabricante.

4.4 Ademais, o organismo notificado poderá efectuar visitas de inspección de improviso ó fabricante. No transcurso das devanditas visitas o organismo notificado poderá efectuar ou facer efectuar ensaios para comprobar, se é necesario, que o sistema de calidade funciona correctamente. Este organismo facilitaralle ó fabricante un informe da inspección e, cando se realizasen ensaios, un informe do ensaio.

5. O fabricante terá á disposición das autoridades nacionais, como mínimo durante trinta anos a partir da última data de fabricación do constituínte:

- a) A documentación que se indica no parágrafo segundo b) do punto 3.1.
- b) As adaptacións contempladas no parágrafo segundo do punto 3.4.
- c) As decisións e informes do organismo notificado que se indican nos puntos 3.4, 4.3 e 4.4.

6. Cada organismo notificado comunicaralles ós demais organismos notificados a información pertinente relativa ás aprobacións de sistemas de calidade expedidas e retiradas.

7. Disposicións suplementarias: control de deseño.

7.1 O fabricante presentará unha solicitude de control de deseño ante un organismo notificado.

7.2 A solicitude farase de tal modo que permita comprende-lo deseño, a fabricación e o funcionamento do constituínte e avalía-la súa conformidade cos requisitos deste real decreto.

A solicitude incluirá:

- a) As especificacións técnicas do deseño, incluídas as especificacións europeas contempladas na alínea f) do artigo 2 que se aplicasen.
- b) As probas demostrativas necesarias da súa adecuación, de maneira especial cando as especificacións europeas contempladas na alínea f) do artigo 2 deste real decreto non fosen aplicadas na súa totalidade. Estas probas demostrativas incluirán os resultados dos ensaios

realizados no laboratorio adecuado do fabricante ou por conta del.

7.3 O organismo notificado examinará a solicitude e, cando o deseño cumpra cos requisitos deste real decreto, expedirá un certificado de exame «CE» de deseño ó solicitante. O certificado deberá incluí-los resultados do exame, as súas condicións de validez, os datos necesarios para a identificación do deseño aprobado e, se é o caso, unha descrición do funcionamento do constituínte.

7.4 O solicitante manterá informado o organismo notificado que expedise o certificado de exame de deseño de calquera modificación do deseño aprobado. O organismo notificado que expedise o certificado de exame «CE» de deseño deberá sanciona-la aprobación das modificacións propostas naqueles casos en que os cambios poidan afecta-la conformidade cos requisitos esenciais contemplados no punto 1 do artigo 5 deste real decreto ou coas condicións previstas para o uso do constituínte. Esta aprobación complementaria farase en forma de apéndice ó certificado de exame «CE» de deseño.

7.5 Cada organismo notificado comunicaralles ós demais organismos notificados a información pertinente sobre:

- a) Os certificados de exame «CE» de deseño e os complementos expedidos.
- b) Os certificados de exame «CE» de deseño e os complementos retirados.
- c) Os certificados de exame «CE» de deseño e os complementos denegados.

ANEXO VI

Subsistemas: declaración «CE» de conformidade

Este anexo é aplicable ós subsistemas a que se fai referencia no artigo 10 deste real decreto co fin de garantir que cumpren os requisitos esenciais que lles concirnen contemplados no punto 1 do artigo 5. A declaración «CE» de conformidade será emitida polo fabricante ou o seu representante establecido na Comunidade ou, cando esta persoa non estea dispoñible, por toda persoa física ou xurídica que comercialice o subsistema en cuestión. A declaración e a documentación técnica que a acompañen deberán estar datados e asinados.

Esta declaración, xunto coa documentación técnica, estará redactada na mesma lingua có manual de uso contemplado no punto 7.1.1 do anexo II e incluirá a información seguinte:

- a) A referencia deste real decreto.
- b) O nome, apelidos e o enderezo da persoa que solicitase o exame «CE»,
- c) A descrición do subsistema.
- d) O nome e o enderezo do organismo notificado que efectuase o exame «CE» mencionado no artigo 11 deste real decreto.
- e) Tódalas disposicións pertinentes ás que ten que axustarse o subsistema, en particular, se procede, as restricións ou condicións de funcionamento.
- f) O resultado do exame «CE» contemplado no anexo VII (certificado de exame «CE» de conformidade).
- g) A identificación da persoa con poderes para asinar unha declaración de obrigado cumprimento en nome do fabricante, do seu representante ou, cando esta persoa non estea dispoñible, da persoa física ou xurídica que comercialice o subsistema.

ANEXO VII

Subsistemas: avaliación da conformidade

1. O exame «CE» é o procedemento mediante o cal un organismo notificado, por instancia do fabricante ou do seu representante establecido na Comunidade ou, cando esta persoa non estea dispoñible, de toda persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade de comercializa-lo subsistema, verifica e certifica que o devandito subsistema:

a) Cumpre as disposicións deste real decreto e as demais disposicións que lle son aplicables en virtude do tratado.

b) É conforme á documentación técnica e está terminado.

2. A verificación do subsistema levarase a cabo en cada unha das etapas seguintes: proxecto, construción e ensaios de recepción do subsistema fabricado.

3. A documentación técnica que acompaña o certificado de exame deberá constar do seguinte:

a) Planos e cálculos das construcións, esquemas eléctricos e hidráulicos, diagramas dos circuitos de mando, descrición dos sistemas informáticos e automáticos, instrucións de funcionamento e de mantemento, etc.

b) Unha lista dos constituíntes de seguridade ós que se refire o artigo 7 do real decreto e que se utilizan no subsistema en cuestión.

c) Copias da declaración «CE» de conformidade de acordo co disposto no anexo IV respecto dos constituíntes de seguridade, xunto cos planos de construción correspondentes e cunha copia dos informes de tódolos ensaios e controis que se realizen.

4. Os documentos e a correspondencia en relación cos procedementos de exame «CE» estarán redactados na mesma lingua ou linguas que o manual de uso contemplado no punto 7.1.1 do anexo II.

5. Control.

5.1 Por medio do control deberá garantirse que, durante a construción do subsistema, se cumpran as obrigas que impón a documentación técnica.

5.2 O organismo notificado responsable do exame «CE» terá acceso permanente ós talleres de fabricación, ás zonas de almacenamento e, se é o caso, de prefabricación, ás instalacións de ensaios e, en xeral, a tódolos lugares que considere necesario para o desempeño da súa misión. O fabricante ou o seu representante ou, cando esta persoa non estea dispoñible, a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade de comercializa-lo subsistema, deberá remitirle ou facer que se lle remitan tódolos documentos necesarios para iso, en particular os planos e a documentación técnica referente ó subsistema.

5.3 O organismo notificado responsable do exame «CE» efectuará periodicamente «auditorías» para asegurarse de que se cumpren as disposicións deste real decreto. En cada visita, facilitará un informe da auditoría ós profesionais responsables da construción. Así mesmo, poderá esixir que se lle consulte en diversas fases da obra.

5.4 Ademais, o organismo notificado poderá efectuar visitas sen previo aviso ós talleres de fabricación. Durante estas visitas, o organismo notificado poderá efectuar «auditorías» completas ou parciais, e deberá redactar un informe da visita e, se é o caso, entregar un informe da auditoría ós profesionais responsables da construción.

6. Os organismos notificados publicarán periodicamente a información pertinente con respecto a:

- a) Tódalas solicitudes de exame «CE» recibidas.
- b) Tódolos certificados de exame «CE» expedidos.
- c) Tódolos certificados de exame «CE» denegados.

ANEXO VIII

Criterios mínimos que deben cumprir-los organismos notificados

1. O organismo, o seu director e o persoal responsable de levar a cabo as operacións de verificación deberán ser persoas distintas do deseñador, o fabricante, o proveedor ou o instalador dos constituíntes de seguridade ou dos subsistemas que controlan, e distintas tamén do representante de calquera destas persoas, nin a persoa física ou xurídica que comercialice estes constituíntes de seguridade ou estes subsistemas. Non poderán intervir, nin directamente nin como representantes, no deseño, a fabricación, a construción, a comercialización, o mantemento ou a explotación das devanditos constituíntes de seguridade ou dos devanditos subsistemas. Isto, sen embargo, non exclúe a posibilidade de que o fabricante intercambie información técnica co organismo notificado.

2. O organismo notificado e o persoal responsable do control deberán levar a cabo as operacións de verificación co máximo grao de integridade profesional e competencia técnica; non deberán ser sometidos a ningún tipo de presión, nin se lles deberá ofrecer ningún tipo de incentivo, en particular económico, que poida influír no seu xuízo ou nos resultados do control, especialmente por parte de persoas ou grupos de persoas que estivesen interesados no resultado das verificacións.

3. O organismo notificado deberá dispoñer do persoal e dos medios necesarios para poder levar a cabo adecuadamente as tarefas técnicas e administrativas relacionadas co labor de verificación; deberá ter tamén acceso ó equipo que se requira para as verificacións excepcionais.

4. O persoal encargado dos controis deberá posuír:

- a) Unha sólida formación técnica e profesional.
- b) Un coñecemento satisfactorio dos requisitos dos controis que leve a cabo e unha experiencia adecuada nos devanditos controis.
- c) A aptitude requirida para redacta-los certificados, actas e informes necesarios para certifica-los controis efectuados.

5. Deberase garanti-la independencia do persoal encargado do control. A súa remuneración non deberá establecerse en función do número de controis realizados nin dos resultados dos devanditos controis.

6. O organismo notificado deberá subscribir un seguro que cubra a responsabilidade civil que poida derivarse do incumprimento das obrigas que lle correspondan consonte o disposto neste real decreto.

7. O persoal do organismo estará obrigado a garda-lo segredo profesional en relación con toda a información que obteña no desempeño das súas funcións no marco deste real decreto ou das normas dictadas para o seu desenvolvemento.

Este segredo profesional non existirá, non obstante, en relación cos órganos administrativos competentes en materia de transporte por cable.

ANEXO IX

Marcaxe «CE» de conformidade

A marcaxe «CE» de conformidade estará composta das iniciais «CE» segundo o modelo seguinte:



En caso de reducirse ou aumentarse o tamaño da marcaxe «CE», deberán conservarse as proporcións deste logotipo. Os diferentes elementos da marcaxe «CE» deberán ter unha mesma dimensión vertical apreciablemente igual, que non será inferior a 5 mm. Autorízanse excepcións á dimensión mínima no caso de compoñentes de seguridade de pequeno tamaño. A marcaxe «CE» irá seguida das dúas últimas cifras do ano no que foi colocado e do número de identificación do organismo notificado que interveña no marco dos procedementos a que se refire o punto 3 do artigo 9 deste real decreto.

XEFATURA DO ESTADO

13758 LEI 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico. («BOE» 166, do 12-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten como obxecto a incorporación ó ordenamento xurídico español da Directiva 2000/31/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño, relativa a determinados aspectos dos servicios da sociedade da información, en particular, o comercio electrónico no mercado interior (Directiva sobre o comercio electrónico). Así mesmo, incorpora parcialmente a Directiva 98/27/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio, relativa ás accións de cesación en materia de protección dos intereses dos consumidores, ó regular, de conformidade co establecido nela, unha acción de cesación contra as condutas que contraveñan o disposto nesta lei.

O que a Directiva 2000/31/CE denomina «sociedade da información» vén determinado pola extraordinaria expansión das redes de telecomunicacións e, en especial, da Internet como vehículo de transmisión e intercambio de todo tipo de información. A súa incorporación á vida económica e social ofrece innumerables vantaxes, como a mellora da eficiencia empresarial, o incremento das posibilidades de elección dos usuarios e a aparición de novas fontes de emprego. Pero a implantación da Internet e as novas tecnoloxías tropeza con algunhas incertezas xurídicas, que é preciso aclarar co establecemento dun marco xurídico adecuado, que xere en tódolos actores intervinientes a confianza necesaria para o emprego deste novo medio.

Iso é o que pretende esta lei, que parte da aplicación ás actividades realizadas por medios electrónicos das normas tanto xerais como especiais que as regulan, ocupándose tan só daqueles aspectos que, xa sexa pola súa novidade ou polas peculiaridades que implica o seu exercicio por vía electrónica, non están cubertos pola dita regulación.

II

Acóllese, na lei, un concepto amplo de «servicios da sociedade da información», que engloba, ademais da contratación de bens e servicios por vía electrónica, a subministración de información polo dito medio (como o que efectúan os xornais ou revistas que poden encontrarse na rede), as actividades de intermediación relativas á provisión de acceso á rede, á transmisión de datos por redes de telecomunicacións, á realización de copia temporal das páxinas da Internet solicitadas polos usuarios, ó aloxamento nos propios servidores de información, servicios ou aplicacións facilitados por outros ou á provisión de instrumentos de busca ou de enlaces a outros sitios da Internet, así como calquera outro servizo que se preste por petición individual dos usuarios (descarga de arquivos de vídeo ou audio...), sempre que represente unha actividade económica para o prestador. Estes servizos son ofrecidos polos operadores de telecomunicacións, os provedores de acceso á Internet, os portais, os motores de busca ou calquera outro suxeito que dispoña dun sitio na Internet a través do que realice algunha das actividades indicadas, incluído o comercio electrónico.

Desde un punto de vista subxectivo, a lei aplícase, con carácter xeral, ós prestadores de servizos establecidos en España. Por «establecemento» enténdese o lugar desde o que se dirixe e xestiona unha actividade económica, definición esta que se inspira no concepto de domicilio fiscal recollido nas normas tributarias españolas e que resulta compatible coa noción material de establecemento predicada polo dereito comunitario. A lei resulta igualmente aplicable a quen sen ser residente en España presta servizos da sociedade da información a través dun «establecemento permanente» situado en España. Neste último caso, a suxeición á lei é unicamente parcial, respecto a aqueles servizos que se presten desde España.

O lugar de establecemento do prestador de servizos é un elemento esencial na lei, porque del depende o ámbito de aplicación non só desta lei, senón de tódalas demais disposicións do ordenamento español que lles sexan de aplicación, en función da actividade que desenvolvan. Así mesmo, o lugar de establecemento do prestador determina a lei e as autoridades competentes para o control do seu cumprimento, de acordo co principio da aplicación da lei do país de orixe que inspira a Directiva 2000/31/CE.

Polo demais, só se permite restrinxir-la libre prestación en España de servizos da sociedade da información procedentes doutros países pertencentes ó Espacio Económico Europeo nos supostos previstos na Directiva 2000/31/CE, que consisten na produción dun dano ou perigo graves contra certos valores fundamentais como a orde pública, a saúde pública ou a protección dos menores. Igualmente, poderá restrinxirse a prestación de servizos provenientes dos ditos estados cando afecten a algunha das materias excluídas do principio de país de orixe, que a lei concreta no seu artigo 3, e se incumpran as disposicións da normativa española que, se é o caso, resulte aplicable a estas.

III

Prevese a anotación do nome ou nomes de dominio da Internet que correspondan ó prestador de servizos